

XI PREMIO ATLANTE DO MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL

BASES
2019

AMPLIACIÓN PRAZO DE ENTREGA AO 30 DE XUÑO 2020

1. Poderán participar todos os artistas nacionais e estranxeiros que o desexen. As obras deberán estar executadas necesariamente en calquera dos sistemas e técnicas gráficas, incluídos os procedementos dixitais e electrográficos, que considere conveniente o artista.
2. Admitiranse como máximo dúas obras por autor. O tamaño do papel será de 38 cm x 28 cm. artista poderá utilizar as tintas e matrizes que estime conveniente para estampar os orixinais.
3. Os gravados serán inéditos e sen ser editados nin numerados. Os premios outorgados traen consigo a edición das obras premiadas en 25 exemplares e a súa entrega á Fundación Museo de Artes.
4. Establécense: Premio Ramiro Carregal de gravado de 5.000 €, 3 premios dotados con 2.500 € cada un e 1 un premio especial Pedras de Santiago, de 2.000 €, para un artista nacido ou residente en Galicia. Estes premios estarán suxeitos ás retencións marcadas pola lei.
5. Xunto coa obra achegarase a seguinte documentación: Datos do autor: Nome e apelidos / Técnica utilizada / Medida da prancha / Breve currículo artístico / Fotocopia do DNI ou pasaporte / Enderezo, número de teléfono e correo electrónico.
6. Os gravados enviaranse sen enmarcar, convenientemente protexidos, á Fundación Museo das Artes do Gravado. Lugar de Outeiro. ARTES- Riveira. 15969 (A Coruña) España, **do 15 de setembro de 2019 ao 30 de xuño de 2020.**
7. A Fundación Museo de Artes, comprométese a editar unha carpeta cos 5 gravados premiados. Os gañadores, responsabilízanse de estampar, numerar e asinar os 25 exemplares, máis as 2 probas de artista; deberán entregar a/as matriz/ces xunto coas 25 estampas á Fundación Museo de Artes. Os 5 artistas galardoados recibirán da Fundación unha carpeta completa cos cinco gravados premiados.
8. Os traballos seleccionados expóranse nunha das Salas do Museo de Artes.
9. O xurado estará formado por 5 personalidades do mundo da Arte, e a súa decisión será inapelable. O veredicto emitirase no prazo máximo de dous meses desde a finalización do prazo de entrega das obras.
10. A Fundación velará pola boa conservación dos traballos recibidos, pero non se responsabiliza polos danos causados durante o envío e devolución das obras. Os gastos de envío e retorno correrán por conta do artista. Se os envíos son desde España poderanse achegar os selos para a súa devolución.
11. As obras sen retirar, nin reclamar no prazo de 2 meses transcorridos desde a entrega de premios, pasarán a engrosar a colección de Arte Gráfica da Fundación.
12. As obras seleccionadas poderanse vender no transcurso da exposición, se previamente así o indicou o autor, que percibirá o importe integro da venda. Poñeranse en contacto o artista co comprador.
13. Protección de Datos. Consonte á L.O.P.D. informamos de que os seus datos persoais, indicados no punto 5, serán rexistrados nos ficheiros, automatizados ou non, de Fundartes coa finalidade de xestionar a súa participación no concurso. Informámoslle de que estes poderán ser publicados en medios de comunicación escrito e/ou dixital coa finalidade de dar a coñecer os premiados e divulgar a actividade do museo. Informámolo/la de que poderá recibir información sobre a nosa actividade, eventos, etc. a través de medios electrónicos. Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación, oposición mediante un escrito achegando unha copia do DNI á Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, en Artes; Lugar de Outeiro s/n 15969, Ribeira (A Coruña). En caso de que producise algunha modificación dos seus datos, pregamos nolo comunique coa finalidade de mantelos actualizados.
14. Polo feito de participar neste concurso o/a artista acepta as bases e renuncia a calquera tipo de reclamación.

XI PREMIO ATLANTE DO MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL

BASES
2019

AMPLIACIÓN PRAZO DE ENTREGA AO 30 DE XUÑO 2020

Para máis información:

Tlf: 981871342

www.fundartes.com

E-mail: fundartes@gmail.com

Xurado:

- Manuel Ayaso, pintor e gravador.
- José Daniel Buján, director da Biblioteca de Galicia.
- Alfonso Costa, pintor e gravador.
- Carmen Hermo, doutora en Belas Artes e gravadora.
- Juan Monterroso Montero, Decano da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
- Jose Manuel López Vázquez, Catedrático da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
- Isabel Pintado, pintora, gravadora e docente. e docente.